

## ANEXO II

### PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE E AVALIACIÓN DA PRODUCIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2023

O procedemento consta das seguintes partes:

1. Introdución dos méritos do persoal investigador na aplicación e validación na mesma dos méritos cuxa avaliación se solicita
2. Remisión por correo electrónico do listado definitivo de méritos validados
3. Avaliación provisional da PI 2023
4. Reclamacións á Avaliación provisional
5. Revisión das reclamacións
6. Avaliación definitiva da PI 2023

#### **1.- Introdución dos méritos do persoal investigador na aplicación e validación na misma dos méritos cuxa avaliación se solicita.**

Os méritos deberán ser introducidos na aplicación no prazo establecido na convocatoria, e as Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, coordinadas cos departamentos que correspondan, poderán establecer os prazos internos que consideren axeitados para completar a documentación acreditativa, revisión da mesma e validación dos méritos, co obxecto de organizar o procedemento para a introdución e validación de méritos.

No aplicativo do SUXI XC habilitouse un mecanismo para cargar a documentación acreditativa do mérito e non será necesario presentala nas sedes dos departamentos. No caso dos artigos indexados na WoS cargaranse de xeito automático si o investigadora ou investigadora inclúe o seu ORCID o Researcher ID.

Os datos dos méritos pódense introducir en calquera orde e facer todas as modificacións que se crean necesarias ata o remate do prazo de introducción de méritos, previamente á validación dos mesmos.

No caso dos méritos do apartado "Libros" os criterios de avaliación establecen a asignación da puntuación en función da editorial de publicación do libro. A categorización das editoriais cara á valoración dos méritos será realizada pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno. Para a categorización das editoriais, a Comisión terá en conta aspectos como o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares ou a inclusión da editorial en sistemas de información internacionais (p.ex. SPI Expanded). Para elo, a Comisión utilizará a información sobre cada editorial dispoñible en fontes de información de acceso público.

O persoal investigador que desexe aportar ou concretar información sobre as editoriais, pode facelo utilizando o formulario disponible na web da universidade e achegando a documentación que considere necesaria. Estes formularios e documentación adicional deben ser enviados por correo electrónico á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación a través das Unidades de Apoio a Investigación e Desenvolvimento, xunto co listado definitivo de méritos validados e no mesmo prazo marcado para a remisión de dito listado. As editoriais xa categorizadas pola Comisión de Investigación poden consultarse no listado publicado na web, no apartado mencionado anteriormente.

Serán introducidos polo persoal de Servizos Centrais os méritos de teses de doutoramento dirixidas e lidas na Universidade de Vigo. Estes méritos estarán disponibles para seren consultados na aplicación na súa totalidade dende o día de publicación da convocatoria.

Deberán revisarse os méritos introducidos na aplicación, tendo en conta a documentación acreditativa presentada e os criterios de avaliación, previamente á validación dos mesmos.

No caso de que os méritos introducidos teñan datos que non se correspondan coa documentación acreditativa terán que ser modificados antes da súa validación.

### ***NON SE ACEPTARÁ NINGUNHA RECLAMACIÓN SOBRE OS SEGUINTE SUPOTOS:***

- a. Soportes e/ou méritos non introducidos na aplicación
- b. Asociacións dos méritos aos/ás investigadores/as non introducidas na aplicación
- c. Datos non introducidos na aplicación cando sexan obligatorios
- d. Datos corrixidos ou introducidos no resumo impreso, pero non na aplicación
- e. Incongruencia entre os datos do listado enviado á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación e os existentes na aplicación

### **2.- Remisión por correo electrónico do listado definitivo de méritos validados (data límite o 31 de outubro de 2024)**

As Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, coordinadas cos departamentos que correspondan, deberán remitir por correo electrónico á dirección [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal) o listado definitivo de méritos validados cuxa avaliación se solicita, que se descarga como arquivo Excel ou pdf da aplicación informática, coa sinatura do/a secretario/a ou director/a de departamento que corresponda en cada caso, co visto e prace do Consello de Departamento como se require nos criterios de avaliación da PI 2023. A remisión deste listado dentro do prazo establecido para elo é obligatoria.

Adicionalmente, tamén por correo electrónico á dirección [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal) e dentro do mesmo prazo, enviaránse os formularios e documentación adicional que se desexe aportar para apoiar á Comisión de Investigación na categorización de editoriais. O envío desta información é opcional; a Comisión utilizará por defecto a información pública disponible sobre as editoriais para a súa categorización.

### 3.- Avaliación provisional da PI 2023

Unha vez finalizadas as etapas anteriores e realizadas as operacións necesarias na aplicación pola Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación comunicarase aos departamentos e ás Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos que está dispoñible a Avaliación Provisional da PI 2023, para a súa consulta no SUXI-XC.

### 4.-Reclamacións á avaliación provisional

O persoal investigador poderá consultar o estado e valoración dos seus méritos. Desde o momento no que se comunique que está dispoñible a avaliación provisional establecerase un período para a presentación de reclamacións e xunto coa comunicación informarase dos medios para presentalas.

### 5.-Revisión das Reclamacións

As reclamacións serán revisadas polo persoal de xestión da investigación, e avaliadas pola Comisión de Investigación de ser necesario. Posteriormente, corrixirase a valoración dos méritos que o requiran na aplicación informática.

### 6.-Avaliación definitiva da PI 2023

Unha vez realizadas as correccións correspondentes, comunicarase que está dispoñible a avaliación definitiva e remitirse o importe correspondente a cada departamento, se procede.

#### **Importante:**

Coa intención de corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou de sistemas sociais, desenvolvendo o principio de oportunidades, co fin de corrixir as desigualdades de orixe, aplicarase a Resolución Reitoral do 18 de xaneiro de 2021 pola que se regula a acción positiva aprobada no Consello de Goberno do 29 de abril de 2019, para incluír nas convocatorias propias de docencia, investigación e transferencia na Universidade de Vigo. Dita resolución e toda a información relacionada está dispoñible no enlace <https://www.uvigo.gal/accion-positiva>.

As solicitudes serán presentadas a través da sede electrónica por medio dunha instancia xenérica dirixida á Área de Igualdade.

O procedemento de solicitud de avaliación da PI 2023, incluíndo a fase de reclamacións, debe ser realizado a través das Unidades de apoio á investigación e transferencia, en coordinación cos departamentos que correspondan. En ningún caso se aceptarán solicitudes enviadas de modo individual polo persoal investigador.

Non existirá unha comunicación expresa a cada investigador ou investigadora sobre o resultado da avaliación definitiva, xa que a notificación faise ao departamento e ás Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos. O persoal investigador poderá consultar o estado dos seus méritos no SUXI-XC.

Lémbrase que a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación poderá levar a cabo unha comprobación por mostraxe dos datos rexistrados con posterioridade á avaliación provisional, podendo aplicarse as penalizacións previstas nos criterios de avaliación da PI 2023 en caso de detectarse o rexistro de méritos non availabilitys ou méritos para os cales non exista a documentación xustificativa completa.

A data límite para a realización desta comprobación por mostraxe por parte da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación e polo tanto para a custodia da documentación acreditativa dos méritos nos departamentos e/ou Unidades de apoio á investigación e transferencia dos diversos ámbitos, será o 31 de decembro de 2025.

Para consultas:

- Relacionadas coa aplicación informática: [soporte.investigación@uvigo.gal](mailto:soporte.investigación@uvigo.gal)
- Outras cuestións: [auvicinv@uvigo.gal](mailto:auvicinv@uvigo.gal)